



Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Número de expediente: 547/2023

Asunto: Acta de constitución do tribunal cualificador do proceso selectivo dunha praza de Arquitecto técnico da Oferta de emprego público ordinaria do ano 2022

I. CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL

Sendo as 11:08 horas do día 28 de novembro do 2023 reúnense no despacho de Secretaría do Concello os funcionarios e funcionarias designados por acordo de Alcaldía número 2023-0988, do 8 de novembro do 2023 con código seguro de verificación 6M9KLG7ZXEC6W9KDY497AYYPL, para formar parte do Tribunal de selección dunha praza de Arquitecto técnico, Grupo A, Subgrupo A2, Escala Administración Especial, Subescala Técnica, vacante no cadro de persoal do Concello de Vilalba, en desenvolvemento da Oferta de Emprego Público do ano 2022, aprobada por Resolución de Alcaldía número 2022-0390, con corrección de erros mediante Resolución 2022-0325 e publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, nº 122, do luns, 30 de maio de 2022 (corrección de erros no Boletín número 142 do mércores, 22 de xuño de 2022), así como anuncio no Diario Oficial de Galicia número 164, do martes, 30 de agosto de 2022.

Preside o acto a persoa empregada pública que ostenta a presidenta titular, Don Alejandro Maseda Mallo, que ostenta a súa vez o posto de Secretario do Concello de Vilalba.

Actúan como vogais titulares Dona Sara Arias Chaos, Arquitecta Técnica do servizo de obras do Concello de Arteixo, Don Raúl García Martínez, Técnico de Medio Ambiente do Concello de A Fonsagrada, e Dona Patricia Vázquez Mille, Arquitecta, Xefa do Servizo de Urbanismo da delegación territorial da Xunta en Lugo¹.

Actúa coma Secretaria, a tesoureira da Corporación, Mónica Bello Novo.

O secretario do Tribunal indica que se remitiu por correo electrónico aos membros do Tribunal a seguinte documentación de acordo co establecido no Regulamento de funcionamento e actuación dos tribunais de selección e uso de medios electrónicos nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público no ámbito do Concello de Vilalba (BOP Núm. 073 - mércores, 29 de marzo de 2023 PÁX. 27, R. 0887):

1 Os vogais acoden á reunión en vía telemática a través da aplicación «zoom», con ID de reunión 845 2774 2427.





Concello de Vilalba

- Regulamento de funcionamento e actuación dos tribunais de selección e uso de medios electrónicos nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público no ámbito do Concello de Vilalba (BOP Núm. 073 - mércores, 29 de marzo de 2023 PÁX. 27, R. 0887).
- Bases que rexen a convocatoria de probas selectivas para a provisión dunha praza de de Arquitecto técnico, Grupo A, Subgrupo A2, Escala Administración Especial, Subescala Técnica; publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, nº 121, de 29 de maio de 2023 (Páx. 13. R. 1624),
- Lista provisional das persoas aspirantes admitidas no proceso selectivo de referencia (Decreto número 2023-0988, do 8 de novembro do 2023 con código seguro de verificación 6M9KLG7ZXE6W9KDY497AYYPL), onde consta a admisión de todos os aspirantes presentados ao proceso.
- Declaración aos efectos do previsto no artigo 18.1 c) e d) do Regulamento de funcionamento e actuación dos tribunais de selección e uso de medios electrónicos nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público no ámbito do Concello de Vilalba

A presidencia declara constituído o Tribunal por estar todos os seus membros titulares designados por acordo de alcaldía referenciado ao inicio, e cumprirse as formalidades recollidas nos artigos 18 a 20 das Regulamento de funcionamento e actuación dos tribunais de selección e uso de medios electrónicos nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público no ámbito do Concello de Vilalba.

Conforme aos artigos 7, 8 e 18 letra f) do referido regulamento, a Presidencia do órgano recorda o deber de sivilo profesional e confidencialidade dos asuntos e os datos que se traten como consecuencia da participación como membros do Tribunal de selección.

Deixase constar que, segundo a ausencia de apreciacións neste senso polos membros do Tribunal, non incorren nas causas de abstención.

II. PREPARACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN

A continuación, procédese a organizar á preparación do primeiro exercicio da fase de oposición de acordo co establecido nas Bases específicas da convocatoria e no Regulamento de funcionamento e actuación dos tribunais de selección e uso de medios electrónicos nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público no ámbito do Concello de Vilalba.





Concello de Vilalba

O Tribunal decide a seguinte distribución de temas e número de preguntas por cada membro do tribunal con dereito a voto, fixando como data límite para ter confeccionadas as preguntas tipo test o día 16 de xaneiro, para poder ser revisadas e realizar a elección das 50 preguntas, máis 5 de reserva, ese mesmo día:

- Alejandro Maseda Mallo, o temario común íntegro, e os tres primeiros temas do temario específico;
- Patricia Vázquez Mille, dende o tema catro (4) do temario específico, ata o tema dezasete (17);
- Sara Arias Chaos, dende o tema dezoito (18) do temario específico, ata o tema trinta e dous (32);
- Raúl García Martínez, dende o tema trinta e tres (33) do temario específico, ata o tema corenta e oito (48);

Cada membro do tribunal preparará vinte e cinco (25) preguntas. Con todo, o contido final da proba a realizar será determinado na mesma sesión na que se teña que realizar de conformidade co disposto no artigo 24 do Regulamento de funcionamento e actuación dos tribunais de selección .

Neste senso, a Secretaría e Presidencia da mesa acordan remitir aos vogais do tribunal unha plantilla co gallo de facilitar o proceso de determinación final da proba.

III. ACORDOS DO TRIBUNAL

O Tribunal de selección acorda por unanimidade dos seus membros:

PRIMEIRO Este órgano colexiado queda constituído cos seus membros titulares de conformidade co disposto no artigo 20 do Regulamento de funcionamento e actuación dos tribunais de selección

SEGUNDO. As persoas opositoras están convocadas á realización do primeiro exercicio da fase de oposición para o día 16 de xaneiro ás 13:30 horas no Salón de Plenos da Casa Consistorial da Corporación.

TERCEIRO. A corrección do exercicio referido «ut supra» efectuarase na mesma data da súa celebración, logo da execución do proceso por parte dos opositores.

CUARTO. O Tribunal reunirase ás 08.30 horas do mesmo día, no despacho de Secretaría do Concello, para a preparación do exercicio.





Concello de Vilalba

Nomear persoal colaborador no tribunal de selección ao técnico de xestión da Entidade Local vilalbesa, Mauro Chico Carballas.

E para que conste, de conformidade co artigo 15 do Regulamento, asinan a presente acta os membros do tribunal enriba citados, dando por finalizado o acto ás 11:36 horas do día 28 de novembro de todo o que coma Secretaria do Tribunal dou fe.

O Presidente do Tribunal, Don Alejandro
Maseda Mallo

A Secretaria do Tribunal, Mónica Bello
Novo.

A Vogal do Tribunal, Sara Arias Chaos

A Vogal do Tribunal, Patricia Vázquez Mille

O Vogal do Tribunal, Raúl García Martínez

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.

